Xa van tres motivos para votar en contra deste orzamento, primeiro a falta de diálogo e a falta de transparencia, segundo a priorización do obxectivo perverso da amortización da débeda antepoñéndoa ás necesidades sociais e terceiro, as dúbidas legais que xorden do capítulo I deste orzamento. Tamén poderiamos falar do debate orzamentario que se dá por parte do presidente, e nos medios de comunicación. Hoxe mesmo máis parecemos unha administración de loterías que vai repartir non sei cantos do gordo de Nadal, a través dun anuncio que se nos fai, que por certo non vén recollido no orzamento, como é que vai existir un novo DTC para o vindeiro ano, a verdade é que oxalá que exista ese DTC, nós queremos que exista ese DTC, pero onde está o DTC neste proxecto de orzamentos?, non aparece reflectido en ningún sitio.

O que si aparece reflectido, e vou aproveitar para pedirlle tamén algunha explicación ao respecto, é un recorte de case sete millóns de euros no programa de

vías provinciais, travesías e sendas peonís. Aí hai unha serie de proxectos que estaban clasificados como prioritarios, e que con este recorte non sabemos como van quedar, polo tanto, algunha explicación merece ese apartado. En todo caso, aínda habería máis, pero o BNG preséntase neste debate coa intención que ten sempre, ser construtivos, e fíxese vostede, queremos votar a favor deste orzamento, estamos manifestando o noso voto en contra pero entendemos que pode haber unha posibilidade de que o BNG vote a favor deste orzamento e ímola formular. Queremos que vostedes recapaciten sobre a oportunidade que lles damos para exercer realmente a democracia, que é a busca de consenso e de diálogo, e xa que non existiu este diálogo antes deste Pleno imos formularlles unha proposta para conseguir o voto favorable do BNG a estes orzamentos, que son uns orzamentos que, por estas cousas, e outras que non digo, o que non imos explicar pormenorizadamente, non nos convencen, pero imos formular a posibilidade.

Un dos problemas que ten esta administración é a discrecionalidade na concesión de importantes cantidades de diñeiro a través de subvencións nominativas, unha práctica que xa temos criticado en diferentes ocasións neste mesmo Pleno, e que é un exemplo claro da pouca transparencia desta administración. A nosa proposta é a seguinte: se vostedes se comprometen a que as incorporacións de remanentes no vindeiro ano se van destinar a plans e a programas concretos con bases nas que poidan concorrer en pé de igualdade os concellos e as entidades da nosa provincia, se vostedes se comprometen hoxe claramente con esta medida, contarán, sen dúbida, co noso voto favorable, se non é así, evidentemente, o BNG non vai poder votar a favor deste orzamento porque xa o pasado ano votou en contra dun orzamento que é practicamente calcado a este. Nós entendemos que a nosa proposta é unha proposta necesaria, é unha proposta que está demandando a sociedade, e creo que é unha proposta que vai facer que o reparto de fondos provinciais sexa moito máis democrático e sexa, ademais, moito máis xusto.

Polo tanto, está nas súas mans, cremos que podemos chegar a un acordo, e aí queda, e se vostedes teñen a gala aceptala contarán co voto favorable desta organización política. Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, podemos cualificar este orzamento como un orzamento continuista, non hai nada substancial que o diferencie do actual e é tamén prudente dende o punto de vista do gasto, gástase só o que permiten os recursos dispoñibles. Mantense a mesma achega ao Plan de obras e servizos, os mesmos programas de cultura, deportes, fomento e servizos sociais, con similares, por non dicir, iguais importes, non se acode ao crédito para financialo e diminúese a débeda viva máis do que estaba previsto no primeiro documento que se nos entregou, e a diminución dos investimentos en estradas, ás que me referirei máis adiante, están debidamente xustificadas para evitar facer un plan de axuste que non sería desexable nin responsable, dada a solvencia desta Deputación. Aínda que hai marxe de manobra para facer algunhas cousas máis, tamén falarei diso máis adiante, entendemos que en liñas xerais podemos dicir que este orzamento é que pode ser, dito en román paladino, non hai máis cera ca que arde. Hai pequenas modificacións nas bases de execución que permitirán mellorar a xestión, e recollendo a experiencia do primeiro ano do fondo de continxencia, regúlase que se non se utilizou antes do un de novembro, poida destinarse a investimento produtivo, tal como se fixo xa este ano.

No debate do orzamento do ano 2013 dicía que esperaba que o fondo de continxencia non tivera outra función que dotar un expediente de modificación de créditos nos meses de outubro e novembro, para achegar financiamento aos concellos, como así se fixo, esperemos que así ocorra tamén este ano, esta é a razón que explica a modificación desta base de execución do fondo de continxencia, que ascende neste orzamento a 3.160.000 euros, o 2% das previsións de gasto.

Parécenos axeitado, e solicitámolo así nosoutros, que nas bases de execución, nas bases do Plan de obras e servizos, non se esixa xa aos concellos a titularidade dos terreos, e que nos conformemos coa dispoñibilidade, este cambio facilita non recibir achega por parte do Estado e, sen dúbida, vai facilitar a execución do POS en moitos concellos.

Polo lado dos ingresos, pouco se pode dicir, alcanzan unha cifra de 157.600.560 euros, o que supón un incremento de pouco de máis de 900.000 euros, un 0,58 máis con respecto ao orzamento actual. A achega máis importante, como sempre, provén da participación nos tributos do Estado, que este ano se incrementan en 2.800.000 euros, e nas taxas e prezos públicos, que se incrementan en función do IPC e que non cobren, nin de lonxe, o custo real dos servizos. Un ano máis, e niso tamén é continuista este orzamento, segue sen contemplarse a participación nos tributos da Comunidade Autónoma, o Fondo Galego de Cooperación Local, como é habitual, non contempla ás deputacións, a pesar de que este é un mandato constitucional. Non existe este ano ningunha achega da Consellería de Traballo e Benestar Social ao Plan de emprego, aínda que a Deputación, por se acaso, contempla unha partida de 800.000 euros para esta finalidade. Agardemos que ao longo do exercicio a Xunta dea sinais de vida e poida facerse un novo Plan de emprego, se é así, e a Xunta dá sinais de vida, deberiamos facer un esforzo para mellorar a xestión, os traballadores non poden chegar aos concellos en decembro, esperemos, como di o refrán, que á terceira vaia a vencida, e este ano se fagan ben e os traballadores poidan chegar cando hai luz, cando hai bo tempo e poidan desenvolver traballos no exterior. As únicas transferencias que se reciben da Xunta de Galicia son para financiar unha parte do custo dos servizos de educación, 597.000 euros, é a única achega que a Xunta de Galicia fai a este orzamento, para financiar o Instituto Puga Ramón e o Colexio Calvo Sotelo. Non sei como está a posible transferencia destes centros educativos á Xunta, sei que non lle interesa á Xunta facerse cargo destes centros, porque é máis barato e máis rendible que os xestione e que os financie a Deputación, en calquera caso, cando se faga un reacomodo competencial non cabe ningunha dúbida de que estes centros tenos que xestionar a Xunta de Galicia. Nós intentamos a transferencia e non nos foi posible, pero creo que merece a pena intentalo de novo e terían o apoio do Grupo Socialista para este trámite.

Diminúe tamén a achega europea en case 500.000 euros, porque rematan os programas que se estaban desenvolvendo, entre eles o Plan Mandeo, obxecto dun premio hai escasos días a esta Deputación, por certo, Sr. Presidente, parabéns por esa distinción. Por outra parte, non se acode ao crédito para financiar o orzamento, mostra de prudencia e fortaleza financeira que debería permitir ás institucións financeiras dedicar eses recursos a financiar ás empresas para que problemas puntuais de liquidez ou tesourería non aboque, como está pasando a miles de

empresas, a ERES, situacións concursais ou ao peche da empresa co conseguinte despedimento de todos os traballadores.

Pola parte do gasto, tampouco existe ningunha novidade, nunca é doado esmiuzar un orzamento, e este ano existe unha dificultade engadida, os cambios na organización administrativa, que rexeitamos, e dos que falaremos noutro punto deste Pleno, modificaron a clasificación orgánica, o que dificulta a comparación co orzamento actual do ano 2013, o que engadido ao atraso da entrega da documentación, fai máis difícil o noso traballo. Todo é explicable, e hai razóns para todo, pero é só un problema de planificación e de xestión, e eu rógolles que recuperen a tradición que existía nesta Deputación ata que chegaron vostedes ao Goberno, de que o voceiro do equipo de Goberno entregue aos voceiros da oposición os documentos do orzamento unha semana antes de que se celebre a Comisión Informativa, así facilítasenos o traballo e podemos facer mellor o noso labor.

O Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, cun crédito de 10.233.650,40 euros, no que se inclúen 800.000 para o posible Plan de emprego, e o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente cun crédito de 2.870.565,74 euros, correspóndese coa antiga partida de promoción e incentivos económicos, que tiña un importe no orzamento actual de 9.979.581 euros, e parte da partida de Planificación e Desenvolvemento Territorial que tiña un importe de 1.781.452 euros. Se comparamos e deducimos os 800.000 euros, vemos que o saldo é equivalente, non hai modificacións.

Mantense tamén os mesmos programas con importes similares, a transferencia ao Consorcio de Bombeiros, o programa de socorrismo, os equipos de intervención rápida, as subvencións aos sectores produtivos, agricultura, pesqueiro, gandería e industria, para o inventario de bens municipais, as achegas ao Plan de competitividade turística dos concellos Ferrol, Santiago e A Coruña, os programas de cooperación e solidariedade, as subvencións ás comunidades galegas no exterior, e os programas europeos que están desenvolvendo. Non hai ningunha novidade con respecto ao orzamento do ano 2013, non hai tampouco nada destacable nos Servizos de Contratación e Patrimonio, antes Patrimonio e Contratación, diminúe con respecto ao ano pasado, e iso é bo, porque fundamentalmente é gasto corrente, aínda que o Capítulo II de gastos correntes increméntase en 1.028.000 euros, un 4,31% con respecto ao exercicio actual.

En xestión de plans, a cantidade é igual, 24.222.000 euros para o ano 2014, fronte aos 24.219.180 no ano 2013. Este é o financiamento do POS, destinando 14.520.000 euros a gasto corrente e 9.680.000 a investimento. A novidade con respecto ao anterior, e ao anterior, e ao anterior, e o cambio nas bases ao que xa me referín, e o poder incorporar como gasto corrente a amortización da débeda, non hai tampouco ningunha novidade destacable, é igual que no orzamento do ano 2013.

O mesmo ocorre en Cultura e Deportes, mantense con importes similares aos do ano 2013, as bolsas de investigación e estudos artísticos, os premios da Deputación, a rede cultural, as mesmas subvencións nominativas ao CEIDA, á UNED, á Universidade Internacional Menéndez Pelayo, Museo do Pobo Galego, á Real Academia Galega, ao Centro Arqueolóxico do Barbanza, ao Museo de Terras de Melide, do Pozo do Cachón, do Castro de Baroña, etc. Mantéñense as subvencións

correntes e de investimento para concellos e entidades sen fins de lucro cos mesmos importes e subvencións para animadores culturais e deportivos.

Algo similar ocorre en servizos sociais e políticas de igualdade, o pasado ano destinábanse 9.653.495 euros e neste orzamento 9.661.595,90 euros, manténdose os servizos sociais comunitarios cunha partida de 4.047.000 euros, o mantemento dos servizos sociais dos concellos con 1.310.000 euros, as subvencións para entidades para gasto corrente e investimento e as axudas ás asociacións Antisida Casco, Asfedro, Alcer, Paideia e Aspace, non hai ningún cambio substancial tampouco en servizos sociais e políticas de igualdade.

Existe neste orzamento un exceso previsible de máis de seis millóns de euros sobre o límite da regra de gasto, e isto implica dotar unha serie de axustes no proxecto de orzamentos que nos foi entregado. Informáronos desta situación na Comisión Informativa celebrada o pasado martes, día 19, o que implica reducir 6.800.000 euros da partida de Vías e Obras, para incrementar na mesma cantidade o capítulo IX, pasivos financeiros, é dicir, a amortización da débeda que estaba prevista en 9.409.000 euros, pasa a ser de 16.209.000 euros no papel, veremos como se reacomoda esta cifra ao longo do exercicio 2014. Entendemos o que pasou, e apoiamos a solución dada, solución que permite evitar un plan de axuste na Deputación, algo que non é necesario na nosa opinión, nin xustificable, nin se correspondía coa situación de solvencia e fortaleza financeira da Deputación, solvencia e fortaleza financeira que vén do anterior Goberno e que este, con bo criterio, mantén. Apoiamos a solución proposta porque, primeiro, sabemos que é transitoria, que afecta á estética do orzamento, pero que en poucos meses volveremos ás cifras de investimento que estaban previstas en Vías e Obras, e en segundo lugar porque os axustes se fan en investimentos provinciais, e mantéñense todas as transferencias aos concellos, isto supón reducir 4.000.000 de euros nos investimentos que estaban previstos en vías provinciais, 2.400.000 euros nos investimentos que estaban previstos no Plan de travesías, e 400.000 euros nos investimentos que estaban previstos en sendas peonís, pasando duns créditos dispoñibles de 24.558.000 euros, a 17.758.000. Apoiamos esta solución tamén porque sabemos que o equipo de goberno, e disto falamos na Comisión Informativa, comparte a idea de que se legalmente é posible esta redución solucionarase minorando o capítulo IX de pasivos financeiros ao longo do exercicio 2014, é dicir, non se amortizarán os 16 millóns, senón só os 9.400.000 que estaba previsto nos orzamentos iniciais para recuperar este diñeiro, non acudindo para o seu financiamento ao remanente de Tesourería dispoñible que teriamos unha vez que se liquide o orzamento do ano 2013, é dicir, apoiamos esa modificación, porque somos conscientes, e así o cremos, que eses 6.800.000 que se incrementan nas partidas de amortizacións da débeda viva veranse reducidas cando se faga no exercicio 2014, sen afectar ao remanente de Tesourería de libre disposición.

Nunca discutimos os investimentos en estradas, sempre entendemos, polo menos así era no goberno anterior, que a decisión era unha cuestión técnica, baseada no estado das estradas e non unha cuestión de natureza política. Todos os investimentos que estaban previstos e que agora minoramos en 6.800.000 euros, son necesarias, pero hai algunhas previstas neste orzamento, moi especiais para nosoutros e que veñen de moi atrás. A de Guiliade a Guísamo en Bergondo, cun presuposto neste orzamento inicial de 353.349 euros, a de Ares a Chanteiro, cun orzamento de 1.212.000, por certo, os veciños de Ares presentaron o día 18 de

novembro polo Rexistro da Deputación unha reclamación dicindo que se faga esta estrada, que foi aprobada o 31 de xullo de 2009 e que o 7 de abril de 2011 foi publicado o anuncio de expropiación, pediron que nos entregasen copia a todos os grupos con representación, e a nós entregáronos onte esta copia, por iso temos coñecemento deste feito. A estrada de Ares a Chanteiro, cun orzamento de 1.212.000 euros, a ponte sobre o Tambre, na estrada de Boimorto a Mesía por importe de 238.000 euros, que se financiaban co Plan VIP de estradas provinciais con 7.400.000 euros, e que agora se minora en catro millóns. A travesía de Ponte do Porto a Camelle, en Camariñas, cun orzamento de 121.000 euros, e a de Senande a Muxía cun orzamento de 336.697 euros que estaban previstas no Plan de travesías, que de catro millóns de euros se reducen en 2.400.000. As sendas peonís nas estradas de Ares a Redes, cun importe de 564.353 euros, na estrada de Betanzos a Paderne por 281.776, e a de Camariñas na estrada de Ponte de Porto a Camelle, por 75.000 euros, que se financiaba na partida de sendas peonís cun importe de 1.200.000 e redúcese en 400.000 euros.

Estas e as demais estradas, travesías e sendas peonís, confiamos en que se van abordar no ano 2014, así estaba previsto no orzamento sen reducir, e sabemos que este axuste temporal non as pon en perigo, nin sequera as retrasa, se se van preparando xa os proxectos e os terreos, e animamos ao equipo de goberno a traballar para que isto sexa posible canto antes mellor.

Deixo para o final algo que hoxe lin na prensa e que certamente, asombroume. Dicía o Sr. Presidente que o gasto de persoal diminúe con respecto ao ano 2013, e isto non é certo. Comprobarán, e poden facelo agora mesmo se queren, que cando se liquide o orzamento do ano 2013 o gasto de persoal será inferior ao previsto no orzamento preventivo do ano 2014 e que agora estamos debatendo e despois se aprobará. Teñen vostedes que facer a comparación en termos de homoxeneidade, o custo das prazas cubertas en 2013 e o custo das prazas cubertas en 2014, e comprobarán como o custo é moito maior, polo tanto, non se diminúen os gastos coa reforma administrativa que vostedes fixeron co voto en contra do Partido Socialista, ao contrario, increméntase, e poderémolo ver na liquidación do orzamento, por certo, isto xa é unha reflexión de índole máis persoal, saberán vostedes que o persoal desta casa está tremendamente descontento co equipo directivo, o equipo de goberno desta casa, hai moita xente, esta Deputación é prestixiada en Galicia e fóra de Galicia, precisamente pola labor dos seus funcionarios, e hai moitos funcionarios que traballaron durante anos con esforzo, con tesón, con ilusión e sacrificio a prol da Deputación, e cando teñen a posibilidade de mellorar na súa carreira profesional, vostedes deciden que non vale ningún e teñen que traer a todos de fóra. Eu non poño en dúbida a profesionalidade das persoas que viñeron da Xunta de Galicia, pero cuestiono, e ten xa case efectos bíblicos, lémbrame aquilo de Sodoma e Gomorra pero é que entre 800 funcionarios non hai nin cinco, nin catro, nin tres, nin dous, nin un, que valla para ocupar eses postos, eu négome a crelo, pero ben, é unha reflexión que lles facía a título persoal, coiden o persoal porque está descontento co que vostedes están facendo.

E remato xa dicindo que este orzamento segue a máxima ignaciana de que en tempos de tribulación mellor non facer mudanzas, ben, fanse mudanzas, non se fai ningunha mudanza agás en persoal, que o custo de persoal vai ser maior que o ano 2013, por iso os cualificaba de continuistas, pero se apertase o zapato, ou houbese vontade, si se poderían facer bastantes cambios, porque o orzamento o permite e hai

marxe para iso. Bastaría con considerar que a Deputación pode entender que hai actividades e institucións merecedoras do seu apoio para poñerse en marcha e para consolidarse, e nada máis, pois ás veces dá a impresión que temos un montón de centros de gasto alleos á Deputación, pero con imputación presupostaria no orzamento desta Deputación.

Finalizo como acabei o pasado ano, anunciando a nosa abstención, e ofrecendo a nosa leal colaboración para mellorar a xestión onde na nosa opinión lles queda aínda un longo camiño por recorrer, pois en lugar de camiñar cara adiante, parece que nalgúns temas imos camiñando cara atrás. Onte publicábase o índice de transparencia das deputacións provinciais, A Coruña era a primeira, e hoxe a Deputación da Coruña é a última de Galicia, xa empeza a notarse o que reiteradamente vimos poñendo de manifesto e manifestando nestes Plenos, de que se está convertendo en opaco algo que era transparente.

E remato, a min gustaríame que se tivese en conta a petición do voceiro, do Sr. Regueira, e xa o expresamos publicamente neste Plenos varias veces, en momentos de crise hai que destinar todos os recursos fundamentalmente aos concellos, e repito o que dixen noutras ocasións, non lle nego ao presidente a posibilidade de que adquira compromisos para subvencións nominativas, sei as razóns, as presións e as situacións que se viven, e é imposible evitalas, pero nun momento de crise, cantas menos sexan, mellor, e se se pode destinar todo o remanente de libre disposición que haberá o vindeiro ano, a plan con criterios obxectivos, para nós sería unha boa nova. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. En primeiro lugar gustaríame felicitar e agradecer a toda área de Intervención o traballo tan importante e ímprobo que levan feito nas últimas datas para que hoxe poidamos estar aprobando, ou no trámite de aprobación, destes orzamentos, e dígoo porque a data de hoxe non é unha data que discrecionalmente se puxera, senón a data que este mesmo Pleno preveu para que puideran entrar en vigor dentro do que debe de ser o primeiro de xaneiro do ano 2014.

Dito isto, e coas felicitacións, iso tamén condiciona, ou está condicionando moito, tanto o traballo da área como o que é o feito de elaborar eses orzamentos, hoxe mesmo tiñamos proba dese traballo que veñen facendo cun expediente de modificación de créditos. É posible que por iso, cumprindo os requisitos formais como así teñen que ser, e como así veñen sendo, vostedes tiveran toda a documentación no seu poder nas datas que legalmente tiñan que ser postas á súa disposición, pero tamén lle teño que dicir a todos vostedes que a Intervención provincial neste caso foi posta a súa disposición tamén para todas aquelas dúbidas ou suxestións que vostedes puideran facer, e mesmo na Comisión tamén foi un trámite importante, no que só un dos Grupos, neste caso o Sr. Moreda, pois dixo cales eran as súas inquedanzas, tamén lle preguntou ao Grupo de Goberno que podería ser o destino final deses seis millóns de euros que inicialmente ían previstos para investimento e que neste orzamento inicial van para amortización da débeda. Con isto quero dicir que moitas veces o diálogo, que nós nunca imos dicir que non sexa necesario, tamén é froito do interese de dúas partes e non só dunha, polo que poida ser eiva desta parte, pido desculpas se así é pero volvo repetir que os feitos son os que son.

Dicía o Sr. Moreda que estes orzamentos son o que poden ser, eu diría que poderían ser ou deberían ser doutro xeito, pero son os orzamentos que teñen que ser, e teñen que ser porque esta e outras administracións estamos condicionadas cun marco lexislativo, o marco lexislativo que é esa Lei de estabilidade presupostaria, que son outras normas que nos inciden como a regra de gasto, que están pensadas para unha diminución do déficit das administracións que moitas veces son estudadas ou previstas para unha redución global, e iso fai que en moitas ocasións os resultados si se consigan, pero se consigan tamén poñendo un lastre a aquelas administracións que, como é o caso da Deputación provincial, teñan solvencia e fortaleza económica, ese é o caso, e aquí díxose moitas veces, do que está a ocorrer coa Deputación provincial. Dicía o Sr. Moreda que esa solvencia e fortaleza debíase ao anterior equipo de goberno e que esta seguiu. Este equipo de goberno fíxoo moito máis forte aínda do que era, pero eu podíalle dicir ao Sr. Moreda que é anterior ao anterior equipo de goberno, e tampouco vostede me podería dicir que non, porque creo que non se chega aos resultados que hoxe en día estamos chegando de solvencia e fortaleza desta Deputación sen o traballo feito desde hai moitos anos, incluso anteriores a cando vostede tivo o honor de dirixir esta institución.

Dito iso, e que teñen que ser estes orzamentos froito do que son os imperativos legais, dicirlle que creo que dicir que son continuistas neste caso é botarlle flores ou cualificativos que aceptamos a este orzamento, porque creo que tanto desde o punto de vista da xestión, da eficacia na xestión provincial, tanto desde o punto de vista do que son os administrados e todos aqueles que veñen tendo os servizos da Deputación como un referente, como os concellos creo que, ano tras ano, falamos das bonanzas do que acostuman a ser as políticas da Deputación cara a cada un destes grupos que teño que falar, pero si que podían ser outros froito dos ingresos que este ente ten, do aforro neto e bruto que temos, por iso eu tamén vin que as súas críticas son críticas febles destinadas a que se vexan as diferenzas moitas veces no papel, ou no voto, máis que nas diferenzas, no que en definitiva temos que facer cando temos a responsabilidade de gobernar. Por iso, como vostede dicía, pois é posible que puideran ser outros, e tiñan que ser outros, e a intención é que directamente seis millóns máis puideran ser dedicados ao que é investimento, pero son cartos que ao final van ir directamente a investimento ao longo do ano tal como nos temos comprometido, porque creo que unha das peculiaridades que ten precisamente os orzamentos deste ente provincial é que sendo o día máis importante numericamente á hora de aprobar o que son orzamentos cara o ano que vén, despois resulta que cando acaba o ano non supoñen máis que pouco máis do 50% do que van ser os gastos da Deputación, porque eu teño que lembrar que o ano pasado, que empezaban nunhas cifras similares, ao cabo do ano foron incrementados practicamente en cento dez millóns de euros máis, é dicir, un 80% sobre o orzamento inicial, e teño que dicir que practicamente multiplicouse por dous o que era a achega inicial aos concellos ao longo de todo o ano, e teño que dicir tamén, non sei onde saímos no ranking ou deixamos de saír, que practicamente todos estes fondos foron dedicados aos concellos a través de plans, como nós consideramos que é a mellor forma de facer. E incluso o investimento podería ser maior se as transferencias que se lle dan aos concellos vía POS, a través do gasto corrente, non se fixera así. Polo tanto, se o facemos é porque cremos que os concellos deben ter tamén unha certa marxe de independencia á hora de destinar os cartos que dende a Deputación chegan a eles. Por iso nós non temos a menor dúbida de que ao finalizar o ano 2014 os orzamentos que esta Deputación manexe van ser outra vez practicamente o dobre do

orzamento inicial, porque estimamos que superávit presupostario, froito das políticas que se están facendo de aforro e de redución da débeda, van dar os seus resultados, e que podemos de novo incorporar o que son eses remanentes, e esperemos que os cambios lexislativos que levamos tempo esperando e esixindo, xa poidan no primeiro momento, que é na liquidación do orzamento do ano 2013, permitir que se poida dedicar os gastos ao que é investimento a eses gastos produtivos que poidan mover o noso consumo interior. Polo tanto, alí emprázolle a todos vostedes a ese momento, para que vexan realmente o que ao cabo do ano fai esta Deputación e o esforzo que fai en servir a todos os concellos.

Con respecto a este orzamento do ano 2014, dicir que cumpre con esa Lei de estabilidade, que cumpre coa regra de gasto, que cumpre coa súa sostibilidade financeira, que representa neste caso o 18,32% dos recursos liquidados do ano 2012, onde no se piden créditos para incrementar o que son ingresos durante este ano, que podemos dicir que a débeda da Deputación en todos os termos é a menor en vinte anos, pero eu xa lle digo que non mirei máis para atrás, pero seguramente poderiamos dicir que é a menor en vinte e cinco anos, e se fora en termos homoxéneos é a menor da historia da Deputación seguramente desde que existe como tal. Polo tanto, creo que é importante dar eses datos, como é importante dicirlle a todos os cidadáns da provincia que esta Deputación segue tendo un aforro de máis de cincuenta un millóns, perdón, bruto, de máis de cincuenta e un millón de euros, que se vai a 39.934.937 no que é aforro neto, con todo o que iso supón para a dispoñibilidade das contas provinciais.

Polo tanto, se o que estamos facendo é aumentar os recursos que se lles anticipan aos concellos, se estamos dando máis servizos aos concellos, e aquí pódese ver Pleno tras Pleno como aumentamos os servizos que esta Deputación vén dando a todos e cada un dos municipios da provincia, podemos dicir que esta Deputación, co seu orzamento inicial de 157.600.560 euro, segue servindo de forma importantísima o que é os servizos propios, pero os servizos dos concellos, porque son os grandes beneficiarios, cunha achega inicial de máis de 65 millóns de euros, que van permitir que, froito desta capacidade, a autoorganización e a autonomía que damos, coas bases de execución que damos na aprobación dos criterios do POS, poidan precisamente dedicarse ao que os concellos máis os benefician, e iso faise ademais blindando o gasto social un ano máis, e creo que iso é importante dicilo e contalo aquí, e tamén se cambian as bases, e cámbianse as bases de execución, por un lado para primar o que é os beneficios do asociacionismo voluntario do concellos, o que é a fusión en mancomunidade, que son unha das súas fórmulas de expresión máis importantes. Tamén se mellora o que é a solicitude, a xustificación e o cobro de subvencións para unha, creo que mellor prestación deste servizo. E, como dicía o Sr. Moreda tamén, a posibilidade de utilizar eses tres millóns de euros do fondo de continxencia, a partir do mes de novembro, ou se non teñen que utilizarse antes, como prevemos que así vai ser.

Polo tanto, esas son as liñas mestras duns orzamentos, uns orzamentos que se poñan como se poñan, reducen os gastos de persoal, e sobre todo, que é o importante, o persoal e a fórmula de xestión dese persoal faise cun modelo moito máis racional e eficiente, Sr. Moreda, e cando vostede mire os orzamentos do ano 2013 e os orzamentos do ano 2014, verá que neses orzamentos iniciais hai unha rebaixa de preto de 200.000 euros, e iso contando 900.000 euros que van dedicados a un Plan de emprego de esta Deputación, que por primeira vez empeza sendo un

Plan propio, que non espera, digamos, cando fai os números esta Deputación, as achegas doutras administracións, benvidas serán, pero esta Administración provincial xa pode desde o primeiro momento fixar os criterios que queira con eses 900.000 euros, 800.000, perdón, para facer ese Plan de emprego propio, benvidos serán fondos do Estado ou fondos da Xunta, pero unha vez máis, como ocorreu co POS, esta Deputación adiántase a calquera acontecemento futuro poñendo as bases para que por si mesma poida ter ese Plan de emprego que creo que todos o estaban demandando.

E esa redución, Sr. Moreda, faga vostede como faga as contas, e se non, despois de oito anos gobernando, vostede dirame porqué non foron quen de facer ningún tipo de organización administrativa, nin ningún modelo diferente, e estiveron ano tras ano presupostando prazas, presupostando servizos, ou presupostando outra serie de cuestións dentro dos gastos de persoal que ao final do ano non eran quen, digamos de xestionar, porque eu creo que esa fórmula non é a máis conveniente, ou eran necesarios ou non era necesarios, e o que fixo esta administración, cando chegou ao Goberno foi precisamente buscar o modelo da eficiencia e a racionalidade de todo o que eran os gastos de persoal, e conseguímolo, como vostedes sabe, e empezamos na área de Recadación, e na área de Recadación vostede pode ver que durante moitos anos intentaron chegar a acordos pola produtividade que tiñan en función da recadación, e non foron quen, e este equipo de goberno si foi quen de chegar a esa redución, unha redución dun millón de euros, que non saen reflectidos, digamos, nos grandes números, pero si que o podemos dicir que saen reflectidas nos grandes logros deste Goberno, que é un millón que se estaban dedicando a uns gastos que hoxe en día non hai que dedicar e, por certo, pasamos de que ese 1.697.000 euros que se dedicaba, e hoxe en día que é un millón menos, en vez de dedicarse só a 42 persoas de aquela área, se dedican aos 156, por iso este Goberno o que está facendo é buscando un modelo por obxectivos, e o mesmo fai cando se organiza precisamente un servizo. Vostede sabe como funcionan as deputacións provinciais porque foi presidente durante moitos anos, e sabe que foi moito máis fácil para moita xente da que aquí está ou aquí estamos, que teñen os seus compromisos tamén noutra área como é a de Goberno dos seus concellos, ou ben de dúas concellerías, e que moitas veces cando vén aquí encóntrase con dezaoito xefes de servizo cando agora se vai encontrar con sete xefes de área, que por certo, deses sete xefes de área, que todos son funcionarios e que todos son funcionarios creo que cun expediente digno de eloxiar e con méritos dignos de eloxiar, tres seguen repetindo con respecto ao que viña sendo anteriormente. Por iso eu creo que esta Deputación, a pesar de ter que aprobar os números e os orzamentos que a lei obriga, podendo seguramente facer outros números, ao final o que está facendo é o que ten que facer, é dicir, apostar pola promoción económica, apostar e seguir apostando pola solidariedade exterior, pola igualdade, por eses plans provinciais que digo que non sen van reducir, e verémolo ao longo do ano, e seguimos polo que son o apoio aos consorcios de bombeiros e outras, e simplemente eu creo que moitas veces aquí non vou ser eu quen deixe de eloxiar a calidade non só persoal, senón profesional, de todos aqueles técnicos que teñen que facer informes non só para o que é uns orzamentos ou outros expedientes, senón tamén para todo o que vostedes consideren. Pero digo unha cousa, está ben reservado e ben preservado por eses informes o que é a defensa da legalidade, e polo tanto, aí non temos nada que dicir, salvo seguir ao pé da letra o mandato precisamente deses informes, a partir de aí, Sr. Moreda, o que lle teño que dicir ben claro é que os criterios ou non de oportunidade, fíxaos sempre un goberno, e ese goberno fixou os seus criterios de oportunidade, a

partir de aí cada un ten que dar a importancia que realmente teña a todos e cada un das opinións que son eloxiables, tanto de políticos que aquí tiveron o uso da palabra, como de técnicos se consideran que teñen que facer ese informe. Nós, volvo repetir, o noso máximo respecto ao que é o seu servizo a esta casa, pero dito iso, despois as decisións, unha vez escoitados a todos e cada un dos que poden facer as súas achegas, tómao un goberno, e xa lle dixen por que este Goberno ten tomado as decisións que tomou.

Por último, e con iso remato, dicía o representante, o voceiro do Bloque, que ían dicir que non por tres motivos, o do diálogo, eu dígolle que o diálogo sempre hai unha dobre vía, pido desculpas se fallou unha, pero en todo caso tamén fallou a outra, porque na Comisión non se fixo ningún tipo de proposta nin consulta, se a fixo a Sr. Moreda creo que se lle respondeu, se dicía que aquí non hai priorización, que a priorización é a débeda, eu simplemente dicía unha cousa, nós temos unhas obrigas legais, que creo que está facendo que esta Deputación poida permitirse certos, digamos, beneficios, á hora de destinar os seus cartos, que non tiña, hai moi pouquiño aprobábamos unha modificación de crédito que, froito a non pagar xuros por máis de trescentos e pico mil euros no que foi este ano 2013, podémolos dedicar a outra cousa. Polo tanto, cando un reduce a débeda, non simplemente reduce o número, reduce unha achega que a Deputación ten que facer necesariamente para amortización e xuros, e iso á parte de darlle capacidade para pedir débeda se nalgún momento a necesitase, tamén lle deixa unhas economías que podemos dedicar a outras cuestións.

O capítulo I, creo que xa o mencionei, e con respecto ás nominativas, imos ver, eu díxenlle que esta Deputación practicamente a súa meirande parte dos cartos que poidan ir destinados a investimento fano con criterios obxectivos a través de plans, ben sexa o POS, o DTC ou os propios plans provinciais, pero se tan malas son as subvencións nominativas, e conseguimos, xa non digo en todos os concellos do PSOE e do Bloque, senón tan só nos que están representados aquí polos deputados do Bloque e do PSOE, que neses concellos non haxa subvencións nominativas, entón entenderemos que o que vostedes están dicindo é algo moito máis importante que as palabras, senón que algo que levan no seu ADN democrático, que é en todas as institucións onde están non hai subvencións nominativas, e se así, non lle caiba a menor dúbida de que a Deputación é quen de seguir a corrente que outros moitos nos marquen, pero ata o de agora, cando é así, é porque cremos que o interese provincial, o interese está garantido tamén a través desta fórmula. Por certo, xa que hoxe tivemos un pequeno show nesta casa, non tiña pensado dicilo, pero vouno dicir, vostedes saben que as subvencións nominativas non aparecen ou se dan por arte de graza, todos os que aquí están saben que iso ten que ser un interese precisamente dos concellos que o manifestan á Deputación provincial, que a través da Comisión ou do Pleno ven o interese xeral desa obra, e aprobamos unha nominativa. É moi difícil aprobarlle unha nominativa a quen non sabe iso ou sabéndoo non foi quen de solicitar unha subvención nominativa a esta institución. Polo tanto, moitas veces, en vez de berrar, igual hai que dedicar o tempo a aprender cales son as funcións dun alcalde. Máis nada e moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Regueira Varela

Nas Comisións. Sr. Ruiz Rivas, o Grupo do BNG só tiña a memoria da Presidencia e as bases de execución, evidentemente, pouca proposta podiamos facer

aí, pero entrando no diálogo, eu creo que o diálogo teno que propoñer, neste caso, o Goberno, eu simplemente chamaríalle diálogo a que nos sentaramos, cando se comeza a elaborar un proxecto de orzamento, os tres portavoces, simplemente para sondar cales son as sensibilidades dos diferentes grupos para sentar as bases dese orzamento que se vai propoñer no futuro, pero vale, se hai que falar dende a oposición co Goberno, intentarémolo tamén en vindeiras ocasións, eu creo que debería de ser ao contrario.

Vostede falou, aquí é curioso este debate, aquí, cando estaba escoitando ao Sr. Moreda, non sei se o fixo porque eu expuxen que tiveramos pouco tempo para examinar os orzamentos, daquela intentóunolos explicar aquí pormenorizadamente todos, daba a impresión de que nos estaba facendo aquí unha análise dos orzamentos, máis parecía o portavoz do Goberno que o portavoz do Partido Socialista, eu creo que xa case, Sr. Ruiz Rivas, case era innecesario que vostede falara, pero ben, foi así.

Vostede, Sr. Ruiz, dicía, recordábame un pouco, creo que era a Cruyff, non sei, eu non son moi futboleiro, isto de fútbol é fútbol, o orzamento é o que pode ser, estas cousas, os orzamentos son os que os gobernos queren que sexan, e eu referíame na miña intervención de que moito mudaron as necesidades da sociedade pero pouco muda o orzamento desta sacrosanta administración, entón eu creo que si se poden aplicar novas receitas orzamentarias ás novas necesidades da sociedade, eu bótoo de menos, polo menos. E tamén vostede dicía que o marco legal é o que é, dixo unha cousa moi importante, que a min gustaríame que estivera por escrito, incluso na memoria da Presidencia, fíxese, vostede dixo “agardamos que se dean os cambios lexislativos que levamos esixindo durante tempo”, esa pequena crítica eu creo que son as críticas que necesita o documento da memoria e os propios orzamentos, dicir as cousas como se senten, porque eu creo que vostedes, por algunhas medidas políticas que tamén toman aquí, non están de todo de acordo co que se lexisla a nivel do Estado, é importante que o diga tamén o Partido Popular.

Logo, na memoria da Presidencia aparece por algún lado, non recordo ben exactamente onde, iso de que unha administración, unha función, nós nesta administración seguimos tendo funcións que son competencia exclusiva doutras administracións, e é aí, seguramente, onde deberiamos facer esixencias á Xunta de Galicia e a outras administracións, e onde deberíamos de ter aforros netos, as transferencias das estradas, eu coñezo estradas que a mesma estrada ten tres diferentes competencias de diferentes administracións, ben, pois iso creo que hai que solucionalo, hai que solucionar as transferencias dos centros de ensino, as transferencias dos centros asistenciais, os consorcios de emerxencias e de bombeiros, aí seguramente poderiamos aforrar cartos se a administración que realmente ten a competencia exclusiva, a exercera, e eses cartos utilizariámolos para outro lado.

E vostede tamén falaba de que ao final o orzamento case vaise duplicar, que este ano incrementouse nun 80%, e aí é onde vai a nosa proposta. Vostede falaba que este orzamento de 2013, o que está en vigor, incrementouse ao redor de 110 millóns de euros, ben, pois nós, o que pretendemos, e non con iso queremos dicir que non existan nominativas, as nominativas están reguladas e teñen que existir para o que teñen que existir, pero non é normal que, ás veces, cando se incorporan remanentes de 14 millóns de euros, etc., de moitísimo diñeiro, se repartan

discrecionalmente a través de nominativas, a nós gustaríanos que a maioría dos remanentes se incorporaran a plans e a programas, e con iso, fíxese, simplemente con ese xesto, é o que lle estamos pedindo, non que supriman todas as nominativas, que cando haxa importantes cantidades de diñeiro a través de remanentes que incorporar ao orzamento, que o abran á concorrencia competitiva en pé de igualdade, de concellos e entidades a través de plans e programas, con iso votariamos a favor deste orzamento fíxese vostede, e non nos gusta demasiado.

E vostede volveu insistir sobre algo que nós non podemos compartir, que é o catecismo neoliberal, imos ver, todo o que ten de bo este orzamento, ao que vostede lle dedicou a maior parte dos seus minutos, é dende un plano simplemente económico, e porque, segundo vostede, a legalidade é a que é, e demanda que o primeiro sexa a débeda, e todo isto, vostedes non aplican ese mesmo criterio de mirar a legalidade fronte a fronte co capítulo I, porque imos ver, efectivamente, a legalidade di o que di no relativo a débeda e todo isto, pero tamén a legalidade di o que di en relación co persoal das administracións públicas, e hai informes de Intervención respecto aos cambios que vostedes están facendo nesta Administración pública, eu sempre, e o noso Grupo manifestamos dúbidas sobre algunhas das medidas que están tomando vostedes en materia de persoal, dúbidas legais, vostedes sempre din que non hai dúbida legal ningunha, pero se en materia de persoal vostedes se moven no borde da legalidade, en materia da débeda priorizan o catón neoliberal, é dicir, primeiro os bancos, primeiro a débeda, e despois a sociedade e as persoas, eu simplemente pido que se a legalidade a miran con certa lasitude no tema de persoal, pois co tema da débeda tamén se podería mirar así, porque hai necesidades sociais que hai que antepoñer ás necesidades da débeda e dos bancos, porque somos unha Administración pública como vostede mesmo dixo, o Sr. Moreda dixo, e o Sr. presidente di continuamente, que estamos ben economicamente, entón prioricemos as persoas, prioricemos os concellos da nosa provincia, e deixemos un pouquiño de lado este catecismo perverso que vostede mesmo recoñece así suavemente que, ben, a ver se cambia algún día o marco lexislativo, pero ben, algunha chiscadela e algunha política subversiva tamén se pode facer incluso dende o Partido Popular, entendo eu, en todo caso, se non van aceptar esta mínima petición que lle faciamos nós, reiteramos o noso voto en contra, e gustaríanos que esa pequena chiscadela a unha política moito máis transparente, e moito máis xusta nas repartición de grandes cantidades de diñeiro, se puidera materializar no orzamento do vindeiro ano, se non pode ser, seguiremos protestando, que é o que nos queda.

Sr. Fernández Moreda

Se me permite, Sr. Regueira, vou responderlle a vostede, aínda que non teño que responderlle, teño que responderlle ao Sr. portavoz do Grupo Popular. Mire, eu a miña intervención traía escrita, e simplemente tamén dixen que me gustaría que se recuperase a tradición de que unha semana antes da Comisión dispuxésemos da documentación para poder facer o noso traballo con máis facilidade e mellor. Eu entendo a oposición dun xeito que ao mellor é moi particular, creo que a oposición non está para darlle leña ao Goberno, está para darlle leña ao Goberno cando haxa alternativas e propostas, e está para controlar ao Goberno, pero non só para dar leña ao Goberno, e trato de aplicar sempre, de ser sensato, na miña comprensión dos problemas, na miña exposición, e aplicar o sentido común, aínda que eu sei que o sentido común é o menos común de todos os sentidos.

Con respecto á intervención do Sr. Rivas vou empezar polo final, e vou falar tirándome á piscina, porque non falei cos alcaldes que están aquí, vostede lanzou un guante, e acéptoo, os alcaldes socialistas que están aquí presentes renuncian a calquera tipo de subvención nominativa se todo o remanente libre de libre disposición que vaiamos ter, se destina a plans provinciais con criterios obxectivos na súa distribución, obviamente, se hai subvencións nominativas, teñen dereito tamén a aspirar a que lle corresponda algunha, pero se o criterio para destinar todo a plans é que renunciemos, sen falar con eles, acepto o guante e renunciamos.

Segundo, imos falar máis adiante, no vindeiro punto, do tema de persoal. Nós non fixemos, reprochabámonos que non fixeramos ningunha modificación na organización administrativa, non a fixemos porque non era necesaria, porque funcionaba ben a Deputación, e de feito, segundo os baremos e os informes do Ministerio de Administracións Públicas, esta Deputación estaba considerada entre a terceira e a quinta de toda España, entón, por qué imos modificar as cousas cando funcionan? Vostedes modificaron de xeito, xa expuxemos a nosa opinión varias veces sobre este tema nos plenos, modificaron a organización administrativa, teñen a maioría para facelo, pero nós diciámoslle, mire, se non nos opoñemos, esperen a que se aprobe a Lei de racionalización e sostibilidade da administración local, e unha vez que saibamos as competencias que vai ter a Deputación, adaptemos a nosa estrutura organizativa a esas novas competencias, vostedes quixérono facer antes, teñen a maioría para facelo, e así o fixeron. E logo, o que non se pode é eloxiar a profesionalidade dos funcionarios da Deputación, e cando chega o momento de a promoción persoal non darlles a oportunidade, e eu, dende logo, non nego a profesionaldade de ningún funcionario que viñera de fóra, Deus me libre, serán seguro que uns magníficos profesionais, pero había nesta casa tamén magníficos profesionais, que traballaron moito tempo, e cando chega o momento da promoción, deberían de ter a posibilidade de promocionar. E dos criterios de legalidade e dos criterios de oportunidade da reforma falaremos no seguinte punto. Moitas grazas

(Abandona o salón o Sr. Iglesias Redondo).

Sr. Ruiz Rivas

Moi brevemente, porque creo que tamén as intervencións foron breves e non foron, digamos, novidosas, con respecto á súa primeira intervención, é dicir, os orzamentos son os que gobernos queren que sexa, oxalá foran así, os orzamentos son os que as leis deixan que sexan, e neste caso nós só poderiamos subir no mellor dos casos pola regra de gasto o 1,5%. Cando se din, hai que aplicar novas receitas, aceptámolo, dígannos vostedes cales das receitas que estamos aplicando ata agora temos que sacar para aplicar as novas, porque se os cartos son os que eran e imos dedicalos a outra cousa, eu quería que ese modelo se plasmase en algo máis que palabras e, polo tanto, non se plasmou. E aquí díxose, ben, se vostedes seguiran a legalidade tanto no plano económico como no plano de persoal, no plano de persoal, sen ningunha lasitude, estase aplicando estritamente a legalidade, e o mesmo facemos no plano económico, pero é que ademais xa non só é un criterio lóxico, racional, coherente e con sentido común, que é o mesmo que ten o Sr. Moreda, que se o fixeramos doutra forma, evidentemente, estes orzamentos non verían a luz, porque serían automaticamente impugnados. Polo tanto, facemos o que temos que facer en todos e cada un dos casos, que é aplicar a legalidade.

E o guante, eu non sei onde está, se aquí, ou alí, ou no aire, só lle digo unha cousa, hoxe estamos aprobando os orzamentos da Deputación, para aplicar o remanente imos alá no mes de febreiro e marzo, xa é moi fácil ver que moitos dos concellos que falo xa teñen os orzamentos aprobados, polo tanto, miraremos se todos teñen ese condicionante de non ter as nominativas porque claro, se non que o fan? para o seu remanente se é que o teñen?, non, mirarémolo e observarémolo. Pero, polo demais, dicir que somos con moito a Deputación provincial deste país, e creo que doutro tamén, pois que máis dedica a plans do que son os seus orzamentos. Polo tanto, a discrecionalidade do gasto, dito doutra forma, é a menor das que se fai en todas e cada un das deputacións de Galicia, así que máis nada. Grazas, Sr. Presidente.

Sr. Presidente

Pasamos á votación, pero simplemente gustaríame dar dous datos porque pode ser que induzan a un malentendido, o voceiro do Bloque dicía na primeira intervención que nós incrementabamos a partida destinada á cobertura informativa, a propaganda, falaba vostede, quero que saiba que é un 40% inferior ao último ano que gobernaron o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista neste Deputación, un 40%, polo tanto, é importante saber de onde vimos porque se non, se se di só unha parte pode levar a malentendidos e eu coido que esa seguro que non era a súa intención, e por iso póñoo de manifesto.

E hai outra cousa, unha idea que creo que o voceiro do Grupo Popular deixou clara, pero gustaríame incidir, non hai a día de hoxe ningunha Deputación, nin en Galicia, e probablemente no resto de España, permítame que non o asegure do mesmo xeito, porque pode ser que algunha se me escape, non as coñezo todas, que priorice tanto os concellos. Di vostede que nestes momentos hai que priorizar as persoas, efectivamente, por iso nós priorizamos os concellos porque a acción desta administración, que é unha administración de segundo nivel, unha administración local, está enfocada a satisfacer as necesidades deses concellos porque entendemos que, pese a quen goberne no concello, intentarán satisfacer as necesidades dos cidadáns que viven neses concellos, e cando esta Deputación leva a cabo un POS, o máis alto de toda Galicia, con moitísima diferenza, incluso onde gobernan vostedes, estamos priorizando eses concellos e estamos dándolle autonomía aos que gobernan en cada un dos concellos, con independencia da cor política, para que estimen en que o teñen que gastar. Evidentemente, hai concellos que o dedican a gasto corrente, é unha decisión municipal, de todas as cores, incluídos do Bloque Nacionalista Galego, seguro que tamén haberá algún do Bloque Nacionalista Galego que o poida dedicar a servizos sociais, eu estou completamente seguro, dende logo a Deputación dálle as armas necesarias para poder atender esas necesidades, se o fai ou non, é unha decisión municipal, tanto nos municipios gobernados polo Bloque Nacionalista Galego, nos gobernados polo Partido Socialista e nos gobernados polo Partido Popular. E repítolle outra vez, se suma vostede o que vai dedicado nestes dous anos a través de plans obxectivos aos concellos, e ve a porcentaxe con respecto ao orzamento, é a maior con diferenza de todas as provincias, e historicamente nesta provincia, tamén. Polo tanto, se está facendo un esforzo que probablemente puidera ser superior, seguro, porque aquí perfecto non hai ninguén, pero estamos facendo un esforzo importantísimo de cara aos concellos, por iso eu creo que é necesario que quede evidente, e polo menos que non quede ningunha dúbida, igual que cando falamos das nominativas. Cando falamos das nominativas eu creo que se entendeu

mal o que dixo o portavoz do PP, ou polo menos eu entendía doutra maneira. A min gustaríame saber se algún dos representantes municipais que está neste Pleno nos seus concellos, goberne quen goberne, non levan no orzamento subvencións nominativas, se algún concello, gobernado por quen sexa, non leva subvencións nominativas no seu orzamento, que levante a man, e cando non o fagan, igual podemos formulalo en todos os sitios. Todos os concellos, con independencia da cor política, levan subvencións nominativas, todos, e nesta Corporación, debido á normativa legal, que é de obrigado cumprimento sempre, no ámbito que sexa, non podemos levar expedientes de modificación de créditos cando nós queremos, porque incumpriríamos entre outras cousas a regra de gasto, por iso temos que agardar á finalización de cada trimestre para saber, cos remanentes que tiñamos, que é o que podemos facer, primeiro de canto dispoñemos, porque non todo pode ser utilizado, e cando dispoñemos deses remanentes facemos algunha nominativa se podemos, o cal a día de hoxe non o pode garantir nin nós, nin os técnicos, nin ningún político de ningunha cor política. Polo tanto, o esforzo que facemos é importante, e cando temos posibilidade de atender algunha outra situación, a atendemos.

E con respecto ao DTC o que eu expresei, e quero deixar claro aquí, e falei con algún portavoz no seu momento, é que unha vez pechado este exercicio 2013, probablemente teñamos uns remanentes de tesourería importantes, e cando digo importantes é que van superar os vinte millóns de euros, previsiblemente, non o estou asegurando, estou dicindo que hai expectativas nese sentido, e o que xa comentamos en sucesivas ocasións é que se todo vai ben no seguinte Pleno do mes de decembro aprobaremos as bases para un novo DTC para todos os concellos, cunha cantidade inferior á do último DTC, pero moi aproximada e iso imos poder facelo efectivo se realmente o Goberno, como ten anunciado en sucesivas ocasións, cambia a utilización dese remanente. Polo tanto, no ano que vén, se todo vai segundo as previsións que nós manexamos e que agardamos que se cumpran, por iso son previsións e non vai incluído no orzamento, porque non temos legalmente a capacidade de poder poñela, os concellos terán non só o POS do ano 2014, que xa adiantamos o seu período para que dende o primeiro momento teñan os concellos, as corporacións e os alcaldes ese poder de decisión, senón que ademais imos anunciarlles xa no seguinte Pleno que se se poden utilizar os remanentes terán tamén un DTC no ano 2014. Adicionalmente, como dixo o Sr. Moreda que nós adiantamos, efectivamente, ese axuste que hai que facer nas partidas froito da regra de gasto, loxicamente recuperarase con eses remanentes o ano que vén, e dotarase de novo, ese axuste que agora facemos, financiarase, tan pronto como poidamos, con remanentes tamén do ano 2013.

Polo tanto, estes son asuntos que creo que é necesario puntualizar, e dende logo veñen desmontar: primeiro, que atendemos sempre, primeiro, segundo e en terceiro lugar aos concellos, e iso facémolo sen descoidar un ápice toda a partida destinada a servizos sociais que levamos a cabo. E se non quedou suficientemente claro na exposición dos orzamentos por parte deste presidente, si lle digo tamén, Sr. Regueira, que eu non estou de acordo coa normativa que se nos aplica a día de hoxe de cara a facer o orzamento, claro que non, dicíao o voceiro do Grupo Popular, non estou de acordo, temos capacidade para facer moitas máis cousas, ou teríamos capacidade, pero dada a normativa existente, que é de obrigado cumprimento, temos que adaptarnos ao que podemos facer.

Nós non amortizamos a débeda porque queiramos, porque sabe vostede que os créditos pendentes que temos teñen un custo financeiro moi reducido, por non dicir nulo nalgún momento, pero desgraciadamente a normativa, que é igual para todos, no caso desta Deputación da Coruña nos prexudica, prexudícanos, e poderíamos ser aínda máis expansivos se nos deixaran, pero como non nos deixan, témonos que adaptar e cumprimos a lei, o cal non quere dicir que a compartamos, pero hai que cumprila, creo que iso xa o dixemos en sucesivas ocasións, e aproveito para dicilo unha vez máis aquí para que quede constancia desa postura do goberno municipal.

Entón pasamos á votación dos orzamentos, que lembro que primeiro hai que aprobar a emenda das bases de execución, e despois os orzamentos incorporada a emenda.

Vótase a emenda.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (17 do PP e 8 do PSOE)
Votan en contra: 5 deputados (BNG)
Abstéñense: 1 deputado (PSOE- por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación, art. 74.1 do Regulamento orgánico).

A continuación, vótase o acordo coa emenda aprobada:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: 5 deputados (BNG)
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Examinado o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2014, que presenta o Sr. Presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2014 por importe de 157.600.560,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. **OPERACIÓNS CORRENTES:**

CAPÍTULO I	Impostos directos	15.033.986,65
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	7.478.600,00
CAPÍTULO III	Taxas e outros ingresos	8.817.658,60
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	124.011.705,16
CAPÍTULO V	Ingresos patrimoniais	1.528.609,59
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		**156.870.560,00**

2. **OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

CAPÍTULO VI:	Alleamento de investimentos reais	0,00
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		**0,00**

3. **OPERACIÓNS FINANCEIRAS:**

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	730.000,00
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**730.000,00**

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL **157.600.560,00**

B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:

1. **OPERACIÓNS CORRENTES:**

CAPÍTULO I	Gastos de persoal	38.198.946,52
CAPÍTULO II	Gastos en bens correntes e servizos	24.860.327,03
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	302.987,68
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	38.985.245,68
CAPÍTULO V	Fondo de continxencia	3.160.000,00
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**105.507.506,91**

2. **OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

CAPÍTULO VI:	Investimentos reais	21.077.376,75
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	13.806.970,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**34.884.346,75**

3. **OPERACIÓNS FINANCEIRAS:**

CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	999.289,40
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	16.209.416,94
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	**17.208.706,34**

TOTAL DE ORZAMENTO XERAL **157.600.560,00**

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

Grupo de función	Denominación	Orzamento
1	Servizos públicos básicos	2.034.412,27
2	Actuacións protección e promoción social	26.484.027,21
3	Produción bens públicos carácter preferente	19.076.098,28
4	Actuacións de carácter económico	51.484.163,28

9	Actuacións de carácter xeral	42.029.454,34
0	Débeda pública	16.492.404,62
	TOTAL DE ORZAMENTO XERAL	**157.600.560,00**

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo estabelece o art. 169.3 do citado Texto Refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.

5º.- Facultar ao Presidente para adaptar a estrutura orgánica de gastos á organización provincial de acordou coa táboa de equivalencias que se recolle de seguido:

2013		**2014**	
Código	**Descrición**	**Código**	**Descrición**
01	GOBERNO PROVINCIAL	**00**	**PRESIDENCIA**
0101	CORPORACION PROVINCIAL	00.10	GABINETE DE PRESIDENCIA
0102	RELACIÓNS PÚBLICAS E COBERTURA INFORMATIVA	00.11	SECRETARÍA PARTICULAR
		00.12	PRENSA
		00.13	RELACIÓNS PUBLICAS E PROTOCOLO
0103	PLANIFICACIÓN, DESENV. TERRITORIAL E UNIÓN EUROPEA	01.11	INFORMACIÓN E ACTAS
		05.10	SERV. DE PROMOCIÓN ECON., TURÍSMO E EMPREGO
		05.20	SERV. DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE
0104	SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, CALIDAD E MODERNIZACIÓN		DESAPARECE
0105	ORGANIZACIÓN E SISTEMAS	07.30	SERV. DE INFORMÁTICA, E ADMÓN. ELECTRÓNICA

2013		2014	
Código	**Descrición**	**Código**	**Descrición**
		07.40	SERV. DE SISTEMAS E SOPORTE
02	ADMINISTRACIÓN XERAL	**01**	**SECRETARÍA XERAL**
0201	SECRETARÍA XERAL	01.00	ÁREA DE SECRETARÍA XERAL
		01.10	OFICIALIA MAIOR
		01.11	INFORMACIÓN E ACTAS
0202	PATRIMONIO E CONTRATACION	01.12	SERV. DE CONTRATACION
		06.20	SERV. DE PATRIMONIO
0203	PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS	07.10	SERV. DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN RECURSOS HUMANOS
		07.20	SERV. DE ORGANIZACIÓN
0204	INFORMÁTICA		DESAPARECE
0205	IMPRENTA PROVINCIAL	01.14	IMPRENTA PROVINCIAL
0206	PARQUE MÓBIL	01.15	PARQUE MÓBIL
0207	SERVIZOS INTERNOS	01.16	SERVIZOS INTERNOS
03	ECONOMÍA E FACENDA	**02**	**INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN EC.- F.**
0301	INTERVENCIÓN XERAL	02.00	ÁREA DE INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECON.-FIN.
		02.10	SERV. DE FISCALIZACIÓN E CONTROL FINANCEIRO
		02.20	SERV. DE CONTABILIDADE
		02.30	SERV. DE PRESUPOSTOS, ESTUDOS E ASIST. ECON.
0302	TESOURERIA	03.00	AREA DE TESOURERIA E XESTIÓN DE TRIBUTOS
0303	RECADACIÓN	03.10	RECADACIÓN
		03.20	ZONAS RECAUDATORIAS
0304	XESTIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA	03.30	XESTIÓN TRIBUTARIA
0305	PROMOCIÓN E INCENTIVOS ECONÓMICOS	05.10	SERV. DE PROMOCIÓN ECÓN., TURISMO E EMPREGO

2013		2014	
Código	**Descrición**	**Código**	**Descrición**
		05.20	SERV. DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E MEDIO AMBIENTE
04	OBRAS PÚBLICAS E URBANISMO	**04**	**ACCIÓN TERRITORIAL**
0401	VÍAS E OBRAS	04.10	VÍAS E OBRAS
0402	ARQUITECTURA	04.20	ARQUITECTURA E MANTEMENTO
0403	INGENIERÍA E MANTEMENTO		
0404	POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN	04.10	VÍAS Y OBRAS
		04.40	SERV. DE APOIO TÉCNICO A MUNICIPIOS
0405	ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA		DESAPARECE
		04.30	XESTIÓN DE PLANS
		04.40	SERVIZO DE APOIO TÉCNICO A MUNICIPIOS
05	COOPERACIÓN PROVINCIAL		
0501	XESTIÓN DE PLANS	04.30	XESTIÓN DE PLANS
0502	ASISTENCIA A MUNICIPIOS	02.20	SERV. DE CONTABILIDADE
		02.30	SERV. DE PRESUPOSTOS, ESTUDOS E ASIST. ECONÓMICA
		04.50	SERV. DE ASISTENCIA TÉCNICA URBANISTICA
		04.40	SERV. DE APOIO TÉCNICO A MUNICIPIOS
06	EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES		
0601	EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES	06.12	CULTURA E DEPORTES
0602	CALVO SOTELO	06.30	CALVO SOTELO
		06.31	I.E.S. CALVO SOTELO
		06.32	C.R.D. CALVO SOTELO
		06.33	SERV. XERAIS. C.EDUCATIVO CALVO SOTELO
0603	PUGA RAMON	06.40	I.E.S. PUGA RAMON
0604	CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA	06.50	CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

2013		2014	
Código	**Descrición**	**Código**	**Descrición**
0605	BIBLIOTECA E ARCHIVO PROVINCIAL	06.60	BIBLIOTECA
		01.13	ARQUIVO
0606	PAZO DE MARIÁN	06.70	CENTRO R.C. PAZO DE MARIÁN
0607	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	01.11	INFORMACIÓN E ACTAS
07	SANIDADE A ASISTENCIA SOCIAL		
0701	SERVIZOS SOCIAIS E POLÍTICAS DE IGUALDADE	06.11	ACCIÓN SOCIAL
0702	FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY	06.80	F.I. EMILIO ROMAY
0703	FOGAR INFANTIL DE FERROL	06.90	F.I. DE FERROL"

56.-PRESTACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA E FARMACÉUTICA POLO SISTEMA DE SEGURIDADE SOCIAL A PARTIR DO 01/12/2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Tendo en conta o acordado polo Pleno da Corporación, na súa sesión do 28/06/2013, que dispuxo a unificación do sistema da prestación da asistencia sanitaria e farmacéutica con efectos do vindeiro día 01/01/2014, e considerando necesario establecer un período transitorio para que o persoal afectado con necesidades de especial atención (incapacidades temporais longas, enfermidades graves e outras circunstancias) poida realizar todos os trámites oportunos, tanto co Instituto Nacional da Seguridade Social, como co Servizo Galego de Saúde; dispoñer que os efectos da devandita unificación do sistema da prestación de asistencia sanitaria e farmacéutica teña lugar o día 01/12/2013, continuando nesa data e ata o citado 01/01/2014 tamén coa prestación simultánea con cargo ás entidades privadas, para evitar que se poidan producir incidencias na repetida prestación."

57.-REORGANIZACIÓN 2013. SEGUNDA FASE DE DESENVOLVEMENTO. CADRO DE PERSOAL. RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ORGANIGRAMA 2014.

INTERVENCIÓNS

Sr. Santiago Boullón

Bos días, moitas grazas, Sr. presidente, bos días deputados e deputadas. Esta proposta que se trae hoxe a Pleno de organización, é unha proposta que vén precedida dun longo período de traballo, dun longo período de diálogo cos representantes dos traballadores, e ten recollida parte das súas achegas, non

soamente cos representantes legais dos traballadores, senón tamén cos propios servizos implicados neste, no caso concreto de hoxe que é a segunda parte, e que afecta á área de Intervención, hai máis de cen sinaturas de traballadores desta área que apoian esta reorganización. Isto é xa a segunda parte deste cambio organizativo que, dende este goberno provincial, e no uso da súa facultade de autoorganización, quere implicar unha nova forma de traballar que xa se está notando nesta casa.

Por suposto que temos en conta, como non pode ser doutro xeito, todos os informes dos servizos que así o teñen que facer, tanto da Intervención, como de Persoal, como incluso nalgún caso da Asesoría Xurídica, que avalan, aínda que alguén poida pensar o contrario, pero ímolo falar agora seguramente, a oportunidade a legalidade destes cambios. Fálase, por exemplo, nalgún dos informes, duns incrementos, dunha motivación de incrementos que poden non estar motivados, ben, isto non é así. Estes incrementos están perfectamente motivados, por qué?, están motivados porque se corresponden tal cal coas funcións que se asignan e se equiparan os niveis de complemento específico con postos e funcións análogas, a asignación das contías destes complementos correspóndese coa valoración de cada un dos postos de traballo, están igual de motivados que incrementos que a propia Intervención formulou hai tres meses, máis ou menos, para sesenta persoas. E estes incrementos retributivos non teñen porqué ser exactamente iguais, teñen que ser unha simple semellanza, como así o recoñece a lei e como o recoñece o informe da Intervención, como así di o informe "sen prexuízo das adecuacións que con carácter singular e excepcional resulten imprescindibles para o contido dos postos de traballo pola variación do número de efectivos asignados a cada programa, ou ben, tamén, polo grao de consecución de obxectivos fixados a el", isto é o que temos feito.

Tendemos tamén a igualar as retribucións dos xefes de área, incluso os incrementos que propoñemos nesta proposta, valla a redundancia, quedan por debaixo, un nivel inferior ás retribucións dos postos de Secretaría, Intervención, Tesourería, equiparándoos a postos de segundo nivel, Viceintervención, Vicetesourería e Oficialía Maior.

Ben, esta é unha proposta legal como se desprende dos informes correspondentes e unha oportunidade que o goberno ten a obriga de facer, a oportunidade, como ben dicía o portavoz do meu Grupo é potestade do Goberno, é potestade dos políticos, e iso é o que imos facer. Afórrase, e iso pódese comprobar, case que un millón de euros con esta reforma, en fin, e xa remato, esta proposta é unha reforma que vén precedida de diálogo, cos traballadores, cos servizos e cos seus representantes é unha reforma legal, é unha reforma motivada, é unha reforma oportuna e é unha reforma económica.

Sr. Regueira Varela

Este punto xa case o debatemos no apartado anterior do orzamento. Eu téñome que fiar dos informes técnicos. A min, despois de ler repetidamente o informe da Intervención, evidentemente, séguenseme presentando dúbidas, pero non é o primeiro informe de Intervención que podemos consultar en relación con esta reorganización, xa houbo varios, e se despois acudimos á Lei de orzamentos do Estado e ás restricións que promulga en materia de persoal ao servizo das Administracións públicas, as dúbidas aínda se acrecentan. Polo tanto, este Grupo manifestou xa repetidamente, e hoxe reitérao sobre a legalidade das cuestións que se

están promovendo en materia de persoal en esta Administración pública, o tempo dará e quitará razóns.

No que se refire vostede ao aforro, home, miraremos a liquidación do orzamento, que é o que dicía antes o Sr. Moreda, a min dáme a sensación de que o resultado vai ser que van gastar vostedes máis diñeiro en menos persoal, van amortizar prazas de persoal e con menos persoal van acabar gastando máis diñeiro, nós non podemos estar de acordo tampouco con iso, porque entendemos que é precarizar o persoal ao servizo desta administración, e amortizar postos de traballo públicos.

E logo, falaba vostede tamén de que hai máis de cen persoas que, por escrito, apoian esta reorganización. Eu teño copia dos pregos de sinaturas e das persoas que asinan sobre esta reorganización, que eu saiba, quen apoian a reorganización son cincuenta e dúas persoas, outras cincuenta e seis persoas apoian a distribución da produtividade, pero son cuestións diferentes, quen manifestan o apoio á reorganización son cincuenta e dúas, é dicir, os abaixo asinantes pedimos que se apoie a reorganización da dita área, cincuenta e dous funcionarios, en cambio, as outras cincuenta e seis persoas din que "pedimos que se apoie a relación co plus de produtividade e o reparto entre todo o persoal", pero non falan de reorganización, polo tanto, apoian cincuenta e dúas, non cento e pico.

E logo, algo mal ten que ir en todo isto, Sr. portavoz do Partido Popular, cando tres das catro centrais sindicais, están en contra. Polo tanto, nós imos votar desfavorablemente, imos votar en contra desta medida.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, o Grupo Socialista vai pedir que se retire este punto da orde do día, e pedimos que se retire da orde do día porque creo, estamos convencidos de que o que se nos somete á nosa consideración, debate e votación é ilegal. Os aumentos do complemento de destino e específico propostos para determinados postos de traballo non respectan a limitación establecida con carácter xeral para todos os servizos públicos polo artigo 22 da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, e que se manteñen no proxecto de lei dos orzamentos xerais do ano 2014, crecen os gastos de persoal. E por outra parte, entendemos tamén que as modificacións de complementos de destino e específico que se propoñen non están motivadas, cremos que é un tema de legalidade e cremos, na nosa opinión, iso teno que dicilo un xuíz, por suposto, pero na nosa opinión consideramos que son ilegais este acordo e que debería de reconsiderarse a súa retirada para mellor darlle outra volta e repensalo mellor.

Non entendemos moitas cousas, non entendemos, por exemplo, como os directores de área, que se configuraron me parece que no Pleno de xuño deste ano, cun nivel 29, cun específico determinado, que o día 12 de agosto deste ano publicouse a convocatoria para que se presentasen as persoas que querían presentarse para a selección, hoxe se modifique, e o que era nivel 29 en agosto do ano 2013, hoxe se propón o nivel 30, e o que era un complemento específico determinado en agosto de 2013, hoxe proponse un incremento de preto de 6.000 euros anuais aos directores de área. Que cambiou dende agosto de 2013 a novembro de 2013, que competencias, que responsabilidades, que novos cometidos teñen

encargados os directores de área para subirlle o nivel 29 ao 30 e para subirlle preto de 6.000 euros no salario anual?, sinceramente eu non o entendo, e por moitas explicacións que me dean, non o entendo, porque se en agosto era así, non pasou absolutamente nada para que hoxe se teña que modificar. Cremos que hai un tema de legalidade, cremos que hai un tema de legalidade serio, e entendemos tamén que hai un tema de oportunidade. Dicía o Sr. Presidente da Comisión de Persoal, don Miguel de Santiago, que era potestade do Goberno, e que se consideraba que era oportuno, eu creo que non é oportuno, é dunha inoportunidade manifesta, é dunha insensibilidade social moi grande, porque nun momento en que as empresas está pechando, en que hai miles de traballadores que van todos os días ao paro, ou que sofren ERES, e que moitos están asinando acordos laborais de non incremento do seu salario para manter o seu posto de traballo, na Deputación dicímoslle que gratuitamente, sen cambiar ningunha responsabilidade, ningún cometido, ningunha circunstancia, subímoslle o soldo a uns señores, creo que non é oportuno, e creo de verdade que é unha impertinencia social, pero ben, como vostedes din, teñen a maioría para facer o que corresponda. Nós solicitamos formalmente que se retire este punto da orde do día, no caso de que non se retire, nós votariamos en contra.

Sr. Santiago Boullón

Moitas grazas, cando un se agarra a unha parte dun informe e dálle unha interpretación nesgada, poden aparecer moitas cousas, pero os informes hai que valoralos na súa totalidade, e non só os informes dunha parte dos servizos desta institución, hai un informe extenso, motivado, serio, razoado, de quen máis sabe disto, que é o Servizo de Persoal, e hai tamén un informe referido a un dos temas, da propia Asesoría Xurídica, que avala a legalidade dalgunhas decisións.

Se imos ás conclusións do informe de Intervención que se comentou neste Pleno, fálase no punto primeiro de pouca motivación, hai que facer unha valoración conxunta e global dos postos de traballo, que se está a facer, vaise iniciar de xeito inmediato, recoñécese que non se aumenta a masa salarial, e só hai unha recomendación, unha recomendación, que non é unha obriga, que nós temos en conta, que é racionalizar o gasto público. Ben, todo isto é proba máis que fidedigna da legalidade desta decisión, tamén quería corrixir unha data respecto ao nomeamento das direccións de área, que foi aprobada no Pleno do 16 de decembro de 2011, vai xa para dous anos, e nese tempo si houbo cambios organizativos que aconsellaron facer esta reorganización, e mire, falando de oportunidade, e falando dos problemas de ingresos e de paro que hai neste país, lamentablemente, penso que o que é clarificador é que durante moitos anos a produtividade especial do caso dos grupos de traballadores da área tributaria fose disparatada, fose un disparate, ese si que foi unha auténtica aldraxe a moitos traballadores, e nós, dunha vez por todas, e con valentía e con consenso, témolo levado cara a un punto de racionalidade, aforrando case un millón de euros, e repartindo entre máis traballadores esta produtividade. Moitas grazas.

Sr. presidente

Moi ben, pasamos á votación, simplemente dúas cousas. No tema digamos que dos directores de área, porque parece que o debate estamos mesturando, os directores de área xa están aprobados dende novembro de 2012, está aprobada esa organización, o cambio substancial que hoxe se trae aquí, substancial é a

reformulación da área de Recadación, e claro, demagoxicamente pódese o substancial, e dende logo a maior parte deste cambio que trae aquí, e a min gustaríame que quedasen claras cales son as posicións porque parece ser que estamos, que ao mellor igual a anécdota é o que utilizamos para falar ou posicionarse acerca deste punto que traemos na orde do día, e utilizamos a anécdota e dámoslle categoría a anécdota, e non é así, porque claro, demagoxicamente poderíase dicir que o que non é normal é que haxa moitas persoas nesta Deputación, perdón, retiro moitas, é que houbera persoas nesta Deputación que cobrasen máis de 130.000 euros, si, si, durante moitísimos anos, incluídos oito seus, claro. Entón, que é o que facemos con esa produtividade que só tiñan corenta persoas? Repartila entre todo o Servizo, repartila entre cincuenta e seis persoas, se os datos non se me escapan. Iso é o que estamos facendo na maior parte do que traemos hoxe a este Pleno, o outro son anécdotas, que poderemos estar de acordo ou non, pero o paso importante que se está dando aquí é que ese plus que só cobraban corenta, agora o cobren, e participen, atendendo determinados obxectivos, que foron falados, dialogados e debatidos coa xente desa área, como nunca se fixo, poidan acceder a iso cento cincuenta e seis traballadores, iso non é demagoxia, iso é a realidade do que estamos facendo, e eu sei que iso intentouse moitas veces pero ningún goberno anterior foi quen de conseguilo, afortunadamente neste goberno contamos con xente, igual que estaba antes aquí, que foron quen de conseguilo, e eu felicítoos porque tamén teño que recoñecer que eu non participei nas negociacións, e polo tanto non me podo colgar esa medalla, máis que me gustaría, pero non é cousa miña, é cousa dun equipo de xente, a xente que está ao fronte de Recadación, a xente que está na Deputación, que despois dunha negociación, chegaron a iso, e iso é un paso importantísimo, que ademais nos permite aforrar ese plus e poder destinalo a outros usos. E despois utilizamos os incrementos en tres postos de traballo, de 800 persoas que hai nesta Deputación, e 6.000 euros, segundo se incrementan dun nivel é o motivo para dicir que non é oportuno para utilizalo demagoxicamente e para dicir que é ilegal, alá cada un, alá cada un coas súas posturas, pero esa postura de sentido común, anunciada tantas veces, non é a que se corresponde con este posicionamento, en ningún caso. Pero loxicamente, os grupos, faltaría máis, teñen a oportunidade de expresarse e de expresar o seu voto ademais na votación do punto, pero creo que é necesario facer ese tipo de puntualizacións.

Aquí temos que votar en primeiro lugar a proposta que fixo o portavoz do Grupo Socialista, a retirada do asunto do Sr. Moreda, e despois pasamos a aprobar o ditame en concreto.

Vótase a retirada do punto da orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (8 do PSOE e 5 do BNG)
Votan en contra: 17 deputados (PP)
Abstéñense: ningún deputado

A continuación procédese a votar o punto da orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: 13 deputados (8 do PSOE e 5 do BNG)
Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Reorganización da área de Tesourería e Xestión de Tributos.

a).- Realizar as modificacións do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama, que se sinalan a continuación:

- **Servizo de Xestión Tributaria**
  - Creación de 2 xefaturas de Negociado (2 postos, 2 prazas de técnico de xestión tributaria).
  - Amortización de 1 administrativo de admón. xeral (1 posto e praza).
  - Amortización de 1 auxiliar de admón. xeral (1 posto e praza).
  - Transformación de 1 técnico de xestión económico-financeira en 1 técnico financeiro tributario e adscribilo ao Servizo de Recadación (1 posto e praza A2 transformado en 1 posto e praza A1).

- **Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico (UISMT)**
  - Modificación da súa denominación, para adecuala ás súas funcións, pasando a denominarse Unidade de Instrución de Sancións Municipais.
  - Creación de 1 xefatura de Negociado de Procesos Masivos (1 posto que se corresponde con 1 praza de técnico de xestión tributaria).
  - Adscribir a un técnico de xestión tributaria que en principio se adscribiu á Unidade Central de Atención ao Contribuínte, á Unidade de Instrución de Sancións Municipais por considerar que así queda máis e mellor axustado o persoal ás necesidades actuais da área.

- **Servizo de Inspección Tributaria (desaparición por reorganización)**
  - Amortización de 1 xefatura de Servizo de Inspección (1 posto e praza).
  - Atribución da dirección da inspección de tributos a 1 posto de inspector/a de tributos locais, pasando a depender directamente da Tesourería.
  - Creación de 1 xefatura de Negociado de Coordinación, con dependencia directa do\da inspector/a de tributos locais (1 posto e 1 praza de técnico de xestión tributaria).
  - Regularización da situación de adscrición provisional resultante do reingreso da situación de excedencia dun administrativo de admón. xeral, converténdoa en definitiva e, en consecuencia, proceder á redistribución efectiva da persoa titular anteriormente do posto, converténdoa tamén en adscrición definitiva.

- **Unidade Central de Atención ao Contribuínte (nova creación, dependente da Tesourería)**

- Creación de 1 xefatura de Unidade Central de Atención ao Contribuínte, mediante a adscrición de 1 posto de inspector/a de tributos locais, procedente do anterior Servizo de Inspección Tributaria.

- **<u>Servizo Central de Recadación (nova denominación do anterior Servizo de Recadación)</u>**
  - Transformación e adscrición de 1 posto de recadador da Zona 01 en 1 posto de Xefatura da Unidade Central de Recadación Executiva (UCRE), de nova creación.
  - Adscrición á dita UCRE dos Negociados de Executiva (anteriormente denominado Negociado de Admón. Xeral), de Control e de Contabilidade.
  - Adscrición á UCRE do posto de técnico financeiro-tributario, procedente do que se transforma de técnico de xestión tributaria vacante no Servizo de Xestión Tributaria.
  - Transformación da anterior xefatura de Sección de Asistencia ao Contribuínte en xefatura de Sección de Revisión, englobándose nela os actuais Negociados de Devolucións e de Recursos xunto co persoal adscrito a ambos.
  - Adscrición da Sección de Asistencia á Xestión e Procedementos Tributarios, procedente do Servizo de Informática e Administración Electrónica, Área de Persoal e Organización (xefatura de sección, 2 analistas técnicos e 1 analista programador). Como consecuencia de tal adscrición, os referidos postos deixan de percibir os factores compoñentes do complemento específico F2 e F6, ao deixar de realizar as funcións correspondentes.

- **<u>Zonas Recadatorias / Oficinas Territoriais</u>**
  - Traslado da Zona 01 a outro municipio da área metropolitana da Coruña.
  - Amortización de 1 posto de recadador da Zona 02 (1 posto e praza).
  - Integración por traslado de 1 posto de oficial maior da Zona 01 á Zona 02.
  - Transformación de 1 posto de oficial maior da Zona 02 en 1 posto de xefe de Zona 02.
  - Creación de 1 posto de administrativo de admón. xeral adscrito á Zona 02 (1 posto e praza).

- **<u>Unidade Central de Tesourería</u>**
  - Amortización de 1 posto de auxiliar de admón. xeral vacante (1 posto e praza).

b).- Aplicar á totalidade da área de Tesourería e Xestión de Tributos os criterios que resulten aprobados en relación coa reformulación do denominado plus especial de produtividade.

c).- Realizar os procesos de promoción interna e de cobertura dos postos de traballo de xefatura que estean vacantes, reasignándose os postos que poidan quedar vacantes despois de tal proceso a reforzar as zonas recadatorias/oficinas territoriais e as demais unidades que sexa preciso.

2.- Clasificar definitivamente o posto de xefatura de Servizo de Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica, adscrito á Área de Intervención Xeral e Xestión Económico-

Financeira, a desempeñar por funcionario de habilitación nacional, A1, nivel 30 de complemento de destino, co factor de especial dedicación no complemento específico, quedando este asimilado na súa contía á fixada para as xefaturas de servizo.

3.- Amortizar as seguintes prazas vacantes do cadro de persoal do persoal laboral, xunto cos correspondentes postos na relación de postos de traballo, tendo en conta que son actualmente prescindibles e cos efectos previstos na normativa vixente, en especial, os arts. 22 e seguintes da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2013:

- 1 Operario auxiliar almacén. Imprenta.
- 2 Subalternos. Biblioteca.
- 1 Axudante de cociña. Fogar Infantil Emilio Romay.
- 1 Operario servizos varios. Fogar Infantil Emilio Romay.
- 1 Celador. Fogar Infantil Emilio Romay.
- 1 Axudante de cociña. Colexio Calvo Sotelo.
- 1 Oficial carpintería. Enxeñería.
- 1 Operario agrícola. Enxeñería.
- 1 Axudante arquivo e biblioteca.

4.- Asignar aos postos de xefatura de Sección de Asistencia Informática, xefatura de Sección de Administración Electrónica e xefatura de Sección de Soporte e Atención a Usuarios, da área de Persoal e Organización, os factores compoñentes do complemento específico F2 e F6 a cada un deles, como consecuencia da asunción por estes postos das funcións correspondentes.

5.- Asignar ao posto de xefatura de Sección de Promoción Económica e Emprego, da área de Desenvolvemento, Turismo e Medio Ambiente, os Factores compoñentes do complemento específico, F2, F5 e F6, pola asunción das funcións correspondentes.

6.- Realizar as seguintes modificacións nos postos das unidades que a continuación se relacionan

<u>Gabinete de Presidencia</u>

- Asignar ao posto de secretario/a de Gabinete o mesmo nivel de complemento de destino que ao resto de postos de secretaría da devandita unidade, por ser esencialmente idénticas as funcións de todos eles.
- Transformar a denominación e funcións do posto denominado secretario/a de prensa en xefatura de Negociado de Prensa.
- Transformar o posto de técnico de Protocolo en Xefatura de Sección de Protocolo, en réxime de especial dedicación.
- Modificar a forma de provisión do posto de Xefatura de Negociado pasando a ser por libre designación, polas funcións de confianza e asesoramento e a característica de especial confidencialidade que ten atribuídas.

<u>Áreas de Secretaría Xeral; de Intervención Xeral e Xestión Económico Financeira; de Tesourería e Xestión de Tributos; de Acción Territorial; Área de Persoal e Organización, e Presidencia (Asesoría Xurídica)</u>

- Asignar aos postos de secretario/a (1 Secretaría, 1 Oficialía Maior, 2 Intervención, 1 Tesourería, 1 de Acción Territorial e 1 Persoal) o factor 5 integrante do complemento específico (libre dispoñibilidade).
- Asignar a 1 posto de administrativo de admón. xeral da Asesoría Xurídica o factor 5 integrante do complemento específico (libre dispoñibilidade).
- Asignar a 1 posto de xefatura de Sección de Información e Actas, o factor 6 integrante do complemento específico (soporte "in situ").
- Asignar a 1 posto de técnico superior Unión Europea da Sección de Información e Actas, o factor 6 integrante do complemento específico (soporte "in situ").

Área de Acción Territorial

- Transformar 2 prazas e postos de arquitecto técnico do Servizo de Arquitectura e Mantemento, actualmente vacantes, en 1 praza/posto de enxeñeiro superior en Obras Públicas, A/A1, nivel 24, e 1 praza/posto de enxeñeiro técnico en Obras Públicas, A/A2, nivel 24, con acceso aberto a ambos os postos para todos os funcionarios das distintas administracións públicas (ADM: A3).
- Definir como de acceso aberto para todos os funcionarios das distintas administracións públicas (ADM: A3) os seguintes postos.
    - 1 arquitecto do Servizo de Apoio Técnico a Municipios.
    - 1 enxeñeiro técnico en Topografía do Servizo de Vías e Obras.
    - 1 auxiliar técnico do Servizo de Vías e Obras.
- Asignar a 1 posto de xefatura de Sección de Arquitectura e Mantemento o réxime de especial dedicación, dadas as características do posto e as funcións atribuídas.
- Asignar a 1 posto de arquitecto técnico do Servizo de Apoio Técnico a Municipios o nivel 24 de complemento de destino, polas características específicas do posto na unidade de que se trata.

Áreas de Acción Territorial; de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente; de Servizos Provinciais, e de Persoal e Organización

- Asignar aos 4 postos de director de cada Área o nivel 30 de complemento de destino, dadas as especiais características dos devanditos postos

7.- Dentro do proceso da posible funcionarización dos postos de persoal laboral susceptibles diso, para os efectos, entre outros aspectos, dunha unificación en canto ao réxime xurídico aplicable aos empregados públicos desta Deputación, transformar as seguintes prazas e postos do cadro de persoal e relación de postos de traballo de persoal laboral, incluíndoos nas de persoal funcionario, sen custo, tendo en conta, ademais, que os devanditos postos son susceptibles de integrarse no proceso de consolidación de emprego temporal previsto na Disposición transitoria cuarta do Estatuto básico do empregado público:

- 1 oficial imprenta FP. Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Auxiliares. C1.
- 1 Operario Servizos Varios. Escala Administración Especial. Subescala Servizos Especiais. Clase Persoal de Oficios. Agrupación Profesional (grupo E Lei 30/1984).

8.- Establecer como norma xeral, aplicable a todas as Áreas en que se estrutura organicamente esta Deputación, de conformidade tamén co establecido na normativa vixente aplicable, a mobilidade interna obrigatoria do persoal, mediante a encomenda de funcións e/ou outras medidas similares, cando así veña determinado polas necesidades do servizo que requiran temporalmente o reforzo dunhas ou outras unidades, dentro de cada Área e, mesmo, nas demais, no seu caso.

9.- Aprobar as funcións da postos da Área Tributaria, segundo se relacionan a continuación:

FUNCIONES DE LOS PUESTOS DE TRABAJO PERSONAL FUNCIONARIO. SERVICIO DE GESTION TRIBUTARIA.			
		Funciones	**BAREMOS**
Servicio de Gestión Tributaria	**Jefe Sección Recursos Propios**	-Definición de la misión, políticas y estrategia de la unidad. -Apoyo a las tareas de la Jefatura de Servicio. -Representación de la unidad. - Especial colaboración con Gestorías. -Planificar, gestionar y coordinar las actividades y trabajos de la Sección -Dirección y gestión de las personas a su cargo -Control, análisis y seguimiento de las incidencias de los trabajos de la unidad. Facilitar y colaborar en la formación del personal a su cargo para el desempeño de sus funciones. -Coordinación de necesidades de la Sección en materia informática. -Emisión de estudios, informes, dictámenes y propuestas en asuntos de su competencia y asesoramiento en materias de su especialidad. -Atención y asesoramiento a los ayuntamientos, entidades, unidades gestoras y anunciantes en general. -Dirección y coordinación de la elaboración y tramitación de los expedientes de las Ordenanzas Fiscales y de Precios Públicos de la Diputación. -Dirección y coordinación de la gestión del BOP -Dirección y coordinación de la gestión de las tasas, precios públicos y otros ingresos de derecho público de los recursos propios de la Diputación. -Dirección y coordinación de las liquidaciones trimestrales del IVA y resumen anual. -Dirección y coordinación de la gestión de las notificaciones por comparecencia del Servicio de Gestión Tributaria -Dirección y coordinación de la gestión de las notificaciones por SÍCER de las liquidaciones del Servicio de Gestión Tributaria	
	Jefe Negociado Recursos Propios	-Colaboración con la Jefatura de Sección en tareas encomendadas a su unidad. -Dirección, coordinación y gestión de las personas a su cargo y de los trabajos de la unidad. -Seguimiento de las novedades normativas. Análisis y resolución de su impacto en la gestión de la unidad. -Emisión de estudios, informes, dictámenes y propuestas en asuntos de su competencia y asesoramiento en materias de su especialidad. -Manejo del equipamiento, software de base y software de aplicaciones -Información, ayuda y asistencia a los ayuntamientos, entidades y unidades gestoras sobre tasas, precios públicos y otros ingresos de derecho público de los recursos propios de la Diputación.. -Gestión de tasas, precios públicos y otros ingresos de derecho público de los recursos propios de la Diputación (objetos tributarios, expedientes de beneficios fiscales, verificación de datos, comprobación limitada, recursos y reclamaciones, devoluciones, procedimiento sancionador tributario y práctica de	

		liquidaciones). -Realización de las liquidaciones trimestrales del IVA y del resumen anual. -Información, ayuda y asistencia a los usuarios del BOP (anunciantes, Zona de anunciantes, anuncios). -Gestión de la administración del BOP. Gestión de los anuncios del BOP, de los anunciantes y usuarios del BOP. -Elaboración de las notificaciones por comparecencia del Servicio de Gestión Tributaria -Gestión de las notificaciones SÍCER de las liquidaciones del Servicio de Gestión Tributaria. -Control, análisis y seguimiento de las incidencias de los trabajos de la unidad. -Realización del archivo de todas las series correspondientes al Negociado. -Todas aquellas funciones que le sean encomendadas por su responsable directo.	
	Administrativos/as	-Tramitación de los expedientes de la sección. -Tramitación de los objetos tributarios de la sección. -Tramitación de las liquidaciones de la sección. -Tramitación de los anuncios del BOP. -Tramitación de los anunciantes y usuarios del BOP. - Tramitación de las Altas de los anuncios del BOP en los registros de la Diputación. -Seguimiento de los procedimientos. -Trabajos en soporte informático. - ¡Mantenimiento de contribuyentes. -Gestor documental: composición de documentos y gestor de pantallas. -Archivo. - Información, ayuda y asistencia a los usuarios del BOP (anunciantes, zona anunciantes y anuncios). -Atención telefónica básica -Actividades administrativas de gestión, tramitación y colaboración, preparatorias, complementarias o derivadas de las funciones superiores. -Realización de las tareas que conlleva la gestión de la administración del BOP y la liquidación y gestión de los Recursos Propios y su revisión administrativa. -Catalogación y documentación. - Estudio y filtrado de información con trascendencia tributaria recibida de terceros. - Realización de actuaciones de control del cumplimiento de la obligación de presentar declaraciones tributarias y de otras obligaciones formales. -Tramitación y propuesta de resolución de expedientes estandarizados. -Tramitación, estudio y análisis de ficheros informáticos para su incorporación a las bases de datos corporativas.	
	Jefe de Sección de IAE y IIVTNU	-Definición de la misión, políticas y estrategia de la unidad. -Apoyo a las tareas de la Jefatura de Servicio. -Representación de la unidad - Especial colaboración con Notarios y Registradores. -Planificar, gestionar y coordinar las actividades y trabajos de la Sección -Dirección y gestión de las personas a su cargo	

		-Control, análisis y seguimiento de las incidencias de los trabajos de la unidad. -Facilitar y colaborar en la formación del personal a su cargo para el desempeño de sus funciones. -Coordinación de necesidades de la Sección en materia informática -Emisión de estudios, informes, dictámenes y propuestas en asuntos de su competencia y asesoramiento en materias de su especialidad. -Atención y asesoramiento a los ayuntamientos, entidades y unidades gestoras. -Dirección y coordinación de la gestión, liquidación y revisión en materia de IIVTNU e IAE: aprobación del padrón fiscal del IAE cálculo y emisión de liquidaciones, concesión y denegación de beneficios fiscales, resolución de recursos de reposición, devoluciones de ingresos indebidos y otras reclamaciones, revisión de oficio, procedimientos de comprobación limitada, procedimientos sancionadores, evacuación de informes.	
